

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CASTRO DE REI PARA A CREACIÓN DA RUTA DE SENDEIRISMO "CAMIÑO REXIO" E A SINIALIZACIÓN DOS ELEMENTOS MÁIS REPRESENTATIVOS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Castro de Rei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Castro de Rei para a creación da ruta de sendeirismo "Camiño Rexio" e a sinalización dos elementos máis representativos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- O Concello de Castro de Rei pretende levar a cabo as actuacións necesarias para acondicionar unha ruta de sendeirismo de nova creación, así como a realización da sinalización dos elementos máis significativos que se atopan no seu trazado.

Esta ruta que se deseña pode considerarse unha **ruta histórica** que pretende poñer en valor un camiño de peregrinación a Santiago e os bens patrimoniais que se atopan no seu trazado e que forman parte da historia deste Concello e do propio trazado de peregrinación.

Tendo en conta que non é unha ruta natural que discorra polo medio do monte nin por zonas de difícil acceso, senón que corresponde cunha ruta histórica que discorre por camiños existentes desde a Idade Media como mínimo, e maiormente sobre camiños asfaltados, as actuacións que se prevén neste proxecto están máis encamiñadas á seguridade dos viandantes e á sinalización de zonas de risco e de paso.

Desta forma a ruta prevista cruza en varios puntos a estrada nacional, aínda que a maior parte do seu percorrido corresponde con camiños de titularidade municipal sobre os que, preferentemente, se realizará a sinalización e se colocarán os paneis informativos.

Co fin de mellorar a accesibilidade aos sendeiristas á ruta e mellorar a comprensión dunha ruta histórica vinculada a unha vía de peregrinación realizaranse as seguintes obras e actuacións:

- Adaptación de zonas para uso peonil en vías municipais.
- Sinalización de paso da ruta con frechas de localización.
- Colocación de paneis informativos ao longo da ruta.
- Colocación de panel identificativo das características da ruta.
- Deseño da ruta e creación de contido de paneis informativos.

Terceiro.- As actuacións recollidas neste proxecto non se localizan nun único punto, senón que se sitúan cruzando o concello de Castro de Rei de nordeste a sueste, próximo ó límite co concello de Pol na súa maior parte, concello desde o que provén a coñecida vía de peregrinación, e remata no límite co concello de Lugo, onde continúa a vía de



peregrinación con destino a Lugo.

Coa finalidade de realizar unha ruta de sendeirismo de carácter histórico é importante que se dispoña dun punto inicial e doutro final en lugares significativos, que poñan en valor a ruta e que permitan o estacionamento de vehículos dos sendeiristas sen entorpecer o paso de persoas nun lugar seguro.

Desta forma, aínda que a ruta de peregrinación orixinal ven de máis atrás, o punto de partida situarase fóra da estrada nacional no lugar de Reguntille, rematando a dita ruta na igrexa de Santa María de Duancos.

A distancia da ruta será de 13,28 quilómetros.

A ruta histórica do Camiño Rexio discorre ao longo do Concello de Castro de Rei pasando por un lado por zonas de produción gandeira que mestura os cultivos de herba e millo principalmente, e por outro por zonas de peor orografía na que se sitúan montes veciñais ou privados que se sitúan a ambos lados da ruta.

Tal e como se ven sinalando esta ruta ten un carácter histórico que se vai comprobando ao longo do seu trazado pola numerosa existencia de bens patrimoniais vinculados á relación do camiño de peregrinación coa súa tradición medieval, o que lle dá a esta ruta un elevado valor cultural que se trata de poñer en valor.

Que a través deste convenio, outórgase ó Concello de Castro de Rei unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

